

## CONCURSO: “CÓNTAME UN CONTO”

### B A S E S

1. Poderá participar en “Cóntame un conto” todo o alumnado matriculado no curso académico 2022-2023 da Escola Universitaria CEU de Maxisterio de Vigo.
2. Os participantes dispoñerán dun máximo de 10 minutos para narrar un conto clásico ou actual de autor en lingua galega ou castelá. É dicir, non serán válidas historias inventadas.
3. Ademais da voz e dos xestos, a narración do conto poderá acompañarse de instrumentos musicais, debuxos, carteis, disfraces, marionetas, etc. (non se poderá facer uso de escenarios, PowerPoint, etc.)
4. A participación deberá ser individual.
5. O número máximo será de sete participantes. A admisión realizarase por rigorosa orde de inscrición.
6. As persoas interesadas en participar deberán inscribirse na biblioteca da Escola **desde o 11 de abril ata o 19 de abril (inclusive)** no seu horario habitual. No momento da inscrición deberán indicar o seu nome, apelidos e curso, así como o título e autor do conto.
7. A actividade terá lugar o **xoves 20 de abril ás 10:45 h** na aula de Psicomotricidade.
8. O xurado estará composto por cinco membros do profesorado da Escola Universitaria CEU de Maxisterio de Vigo. O seu ditame será comunicado aos gañadores ou gañadoras o mesmo día do concurso.
9. Os premios do concurso “Cóntame un conto” serán os seguintes:
  - 1º premio: 1 lote de libros elixidos pola organización valorado en 100€
  - 2º premio: 1 lote de libros elixidos pola organización valorado en 50€De todos os xeitos, o xurado poderá declarar deserto o certame se así o considera oportuno.
10. A participación neste concurso presupón a aceptación das bases, así como a interpretación que das mesmas efectúe o xurado.